

Asunto:	RECURSO DE REPOSICIÓN TRÁMITE DE AUDIENCIA AOS INTERESADOS (Artigo 118.2 da Lei 39/2015)
Expte.:	<i>BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA POR CONCURSO OPOSICIÓN DE VARIAS PRAZAS EN RÉXIME DE INTERINIDADE POR EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE CARÁCTER TEMPORAL AO ABEIRO DO PLAN DE INCLUSIÓN SOCIAL</i> <i>EXP. CIVIDAS nº 2022018732, exp. relacionado 2022003829</i>

Con data do 20/04/2022 o COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA interpuxo ante o Concello de Ferrol recurso potestativo de reposición fronte ás bases que rexeran a convocatoria por concurso oposición de varias prazas en réxime de interinidade por execución de programas de carácter temporal ao abeiro do plan de inclusión social, aprobadas mediante resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi de data 5 de abril de 2022.

Polo exposto, en cumprimento do establecido no artigo 118.2 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, dáselles traslado aos aspirantes admitidos do recurso interposto para que, no prazo máximo de **dez días hábiles** formulen, no seu caso, as alegacións que estimen procedentes.

Ferrol, na data que consta na sinatura electrónica

A concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi